



Cerne

Terra de Melide



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº 4. 15 de marzo -15 de abril de 2005. Distribución gratuita.

A normativa resta un mínimo de dúas horas do horario habitual dos pubs

Os novos horarios de peche provocan malestar no ambiente da “movida”

Desde que o pasado 20 de febreiro entrara en vigor a nova normativa autonómica reguladora dos horarios da hostaleiría, sucedéronse as protestas e as opinións desfavorables ao respecto.

Os veciños que se queixaban do ruído sófreno agora

aínda máis, os propietarios dos locais de ocio e tamén dos de restauración quéixanse de falta de tempo para rendibilizar os seus negocios, e os mozos e as mozas que máis gozaban da “movida”, rebélanse como poden ou improvisan outros métodos de diversión. Máis en p. 8 e 9

Inaugurado o velorio municipal

O domingo 13 de marzo, as autoridades municipais inauguraron o velorio de Melide.

A obra, financiada pola Deputación de A Coruña, ten 203 metros cadrados e contou cun orzamento de 167.812 euros.

Máis en p. 4

O Concello de Melide bota no lixo as pancartas da Plataforma

As pancartas que solicitaban a “Autovía por Melide” nas rúas da vila o ano pasado foron enviadas para “tratamento como residuos” polos servizos municipais, tal e o como informou a alcaldesa nun escrito dirixido ao colectivo.

Máis en p. 5

A oposición de Toques pide contas polo derrubamento dun alpendre

Acusan ao alcalde, Xesús Ares, de aplicar criterios de “agravio comparativo” ao emitir ordes de derrubamento. PSOE e AIT solicitan ao Concello información sobre licenzas de construción.

Máis en p. 11



O cambio de mes trouxo a neve a Melide e deixou imaxes para o recordo

Desta guisa amanecía o Cantón de San Roque o pasado venres 25 de febreiro. As baixas temperaturas e a acumulación de nubosidade facían o que lles é mester e baleiraban o cargamento en forma de neve. A mesma

estampa repetíase o venres seguinte, 4 de marzo, e nesta ocasión, a intensidade da neve da mañá provocou incluso cortes de tráfico na estrada de Agolada, onde houbo traballo para a máquina quitaneves. Máis en p. 20

Editorial

Horarios contrarreloxo

Ao que non lle gustan as discotecas, ás tres e media para a casa, e ao que si que lle gustan, hora e media despois. Sexa como for, esas horas non son horas.

Ninguén pode estar conforme con esta nova normativa para os locais de ocio, nin sequera os pais dos máis novos que, acostumados xa a que cheguen á casa sobre as seis da madrugada, van pensar que lles pasou algo malo cando os vexan entrar pola porta ás catro. E xa non digamos os pais dos non tan novos, ¿que cara se lles vai quedar cando vexan chegar ao fillo de trinta anos antes de que saia o sol?

Xa sen bromas, este é un problema moi serio para toda Galicia, e especialmente grave para Melide. Estamos nunha vila que sempre viviu dun recurso que, nos tempos que corren, xa non xenera a riqueza que xeneraba noutros tempos. A agricultura e a gandeiría están en crise e con elas a vila de Melide.

Dun tempo a esta parte, o único que nesta poboación dá riqueza e atrae xente de outros lugares non é outra cousa que a movida nocturna.

Xente de Curtis, Friol, Teixeira, Sobrado, Arzúa, Agolada, Lalín, Palas, Carballiño, e incluso de Santiago, achégase a Melide moitas fins de semana porque lles gusta a marcha de aquí. Gústanlles os locais e o ambiente, a xente, a música, a diversión melidense... a liberdade da movida de Melide.

¿Como é posible que agora nos quiten iso tamén? ¿Que é o que nos vai quedar?

O que está moi claro é que, tal e como manda a normativa, os locais non van poder subsistir. En Melide, primeiro vemos o fútbol, a película ou "Salsa Rosa", segundo gustos, despois imos cear, e despois imos tomar un viño. Agora vamos ter que medir a hora, non sexa que cando cheguemos xa non nos poidan poñer o viño, ou teñamos que andar apurándoo. E xa non digamos para ir aos pubs. Ás tres e media deberan estar pechados, xusto á hora na que antes empezabamos a pensar en ir achegándonos á rúa destes locais. É dicir, que en vez de pasar a noite tranquilos, relaxándonos despois de toda unha semana de traballo e de

preocupación polo reloxo, agora vamos ter que ter moito ollo de non esquecer na casa este aparello.

Quizais a xente acabe por acostumarse a este novo ritmo, pero en principio parece difícil. Para que for posible terían que cambiar tamén os horarios laborais, os horarios de comidas, de ceas, os horarios do fútbol e da programación televisiva en xeral..., terían que cambiar o ritmo de vida dunha sociedade que leva trinta anos adaptando os seus horarios ao ritmo que lles vén imposto. ¿Como para cambiar agora! ¡E por riba para atrás! Tarefa difícil para quen corresponda.

Ainda non sabemos moi ben a quen ou a quenes lles colleu na cabeza que unha normativa así podería funcionar sen problemas, e tampouco sabemos por qué se sorprenden de que haxa incidentes nalgunhas vilas. Só agardamos que acaben por darse conta de que están quitando o pan de cada día a moitas vilas que viven en gran parte da movida, e de que están obrigando á mocidade a facer unha carreira contrarreloxo no seu día de descanso. ¡Que gran idea!

Tribuna de opinión

Máis do mesmo

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Dá un pouco de pena ver que todo segue igual. Despois de casi un ano con novo executivo municipal, non temos outra cousa que máis do mesmo, e aínda non sabemos nin quen manda en realidade. A mesma política do declarado inimigo público número un desta vila, continuista e xustificativa do seu labor.

Nós estamos a dar unha ampla marxe de confianza, pero as relacións co Concello seguen igual de deterioradas, e máis da nosa parte non podemos poñer. O tempo esgótase.

Neste caso, non é bo aprender do pasado, xa que se ven as mentiras por todas partes. O Concello botou ao lixo unhas pancartas e xustificouno con argumentos falsos.

Primeiro: as pancartas non estaban deterioradas. Segundo: o fin co que foron colocadas polas rúas da vila non está aínda conseguido.

E terceiro: a única razón polas que se quitaron foi porque chegaba a época turística e, como este executivo é totalmente contrario a calquera manifestación que vaia máis alá do controlado por eles mesmos, aínda que sexa en

beneficio do pobo, decidiu sacar un decreto e sustraer as pancartas que puxemos os cidadáns de Melide.

Levaban unha mensaxe que non se metía con ninguén, que só reclamaba algo bo para o municipio. Pero ata iso molesta tamén... Pois apaga e vámonos.

Os feitos falan por si mesmos e a xente os está a ver; caída de poboación, empresas con cada vez menos poder adquisitivo, moito comercio e pouco rendemento económico, etc.

Os cambios que tanto se venden desde a Praza do Convento sábenme a paripé. Non hai cambios reais á hora de manexar este Concello.

A xente da vila é o que conta. Hai que recoller as ideas do pobo e poñerse a traballar, non dar a calada por resposta nin facer calar a calquera axente social, colectivo ou individual, que queira chegar ideas e participar da "res publica" do municipio.

Non nos valen festiñas e chorradiñas de barraca, hai que facer algo máis por Melide para que poida funcionar.

Cerne Terra de Melide

Publicación mensual de distribución gratuita. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Leticia Trillo González

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188

Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓN: Xosé Domingos Fuciños, Vanessa Martínez, Ángel Curtis, Emilio Ares, David Barrio, PSOE e BNG de Melide

AGRADECIMENTOS: Jorge Sangiao, M^o Pilar López

IMPRESIÓN: Artes Gráficas La Capital

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores



Gallego e hijos, s.l.

Central: L.G. Laberco, s/n
15810 Arzúa (A Coruña)
Tfno: 981 50 04 29
Fax: 981 50 06 74

-Arzúa
-Melide
-Curtis
-Teixeiro
-Boimorto
-Guitiriz

Melide, "crónicas de un pueblo"

CONCHA CASARES. PSOE DE MELIDE

"Nun lugar de Melide de cuxo nome non me lembro neste momento, hai moito que aló polo Caralampio, un home con retranca antiga e inxenio corredor", expuxo un cartel irónico, no que figuraba un televexo con dous rombos, e coa lenda: "Melide, crónicas de un pueblo", a imitación do título dunha exitosa serie que, por entón, se vía en TVE.

Pois ben, quen nos ía dicir, anos mais tarde, que Melide se convertería nun plató de televisión, e que

algúns amigos e veciños aparecerían na pantalla, "de extras". Ata aquí, todos ledos. Esperabamos a estrea con expectación. O peor foi, cando o Concello dispuxo no Cantón de San Roque pra celebración da pre-estrea: ¡UNHA CARPA! cal cuhipanda de pedanía; o son era malo, o frío moito e "non había carpa para tanta xente".

Na casa da cultura non se podía facer, polo seu estado de obra permanente, no "Palacio de Congresos y Exposiciones" a rever-

beración acústica é insufrible, ocasións musicais tivemos pra comprobalo, así que, nada mellor, que poñer unha carpa. Seguimos sin local debidamente acondicionado pra eventos similares e culturais en xeral.

¡Qué pena!

E posible, que chapuzas semellantes ou peores, dos mandantes locais daqueles anos inspirasen o autor daquel cartel do Caralampio.

Neste caso, a referencia televisiva, podería ser, "cuéntame como paso".

Espazo reservado para o PP

Este espazo de opinión de política está reservado, coma nos anteriores números de Cerne, para o Partido Popular de Melide. Pero, nesta ocasión, declinou a nosa invitación a participar.

O oco aparece en branco neste número e seguirá aparecendo en números posteriores á espera de que o partido maioritario na vila queira expresar a súa opinión sobre os temas de actualidade que se suceden no municipio, para que, deste xeito, a súa voz poida verse tamén reflectida neste medio de comunicación coma as dos demais grupos políticos.

Os responsables da edición deste xornal lamentamos o choque estético que poida provocar o espazo en branco e agardamos poder incluír pronto a voz do partido que goberna a vila. Ata entón, pedimos disculpas aos lectores de Cerne por este imprevisto.

Cerne. Terra de Melide.

As actitudes caciquís da alcaldesa

XOSÉ IGLESIAS. BNG DE MELIDE

O BNG denunciou en sucesivas ocasións a censura informativa que está a levar acabo o goberno local do PP. O BNG, xa na época de Miguel Pampín, solicitara que as actas e decisións do PP se lle comunicaran aos grupos da oposición en tempo e forma como marca a Lei de Réxime de Facendas Locais, pero non se facía así e incluso se nos entregaban actas dous meses despois de celebrarse a reunión do goberno local, e así non se lle podía facer un control

axeitado ao PP como é normal nunha democracia. Pero a nova alcaldesa está a facer o mesmo, pero incurrindo en métodos máis caciquís, como por exemplo, que os grupos municipais da oposición non poidamos fotocopiar ningún documento público ao que, por lei, podemos acceder. O que perseguen é que os grupos municipais da oposición esteamos mudos.

Ao goberno local do PP non lle deben gustar as regras de xogo da democracia porque seguen a

poñer en práctica os métodos caciquís, que non corresponden aos tempos que estamos a vivir.

O BNG, ante esta situación totalmente caciquil, levará a cabo as accións necesarias, como no caso da Radio Municipal, para que se restableza a lei.

Así, no próximo pleno Municipal rexistramos unha moción para debatir estas cuestións e onde levaremos as nosas propostas para que estes feitos non se repitan nesta democracia que debería ser normal.



FISCONTA
ASESORÍA

Asesoría de Empresas
JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ
CORREDOR DE SEGUROS
Autorización Nº: GF-035

Ronda de A Coruña, 32 - 1º
15800 MELIDE (A Coruña)
www.asesoriafisconta.com - empresas@asesoriafisconta.com

Tel./fax: 981 50 76 23
Tel./fax: 981 50 63 86



Hotel Carlos '96

RESTAURANTE
CAFÉ - BAR
BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 53 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es

Silvia
Novias

**Novia- Madrina-
Comunión- Fiesta**

Ronda de Pontevedra
48, Bajo. 15800 Melide
(A Coruña)
Telf y fax: 981 507174
E-mail:
silvianovias@yahoo.es

A paciente, Mercedes Mosteiro, denuncia que o médico “nin sequera me deu un volante para o especialista”

Unha paciente acusa de “pasotismo” a un médico de Melide que non lle detectou un tumor mamario

O médico de cabeceira dixo que o vulto do peito de Mercedes era “unha pequena inflamación”, diagnóstico que deixou preocupada á paciente e tamén á súa filla, polo que decidiron acudir a unha consulta privada.

Tras unha mamografía e unha ecografía, o facultativo especialista en cirurxía e patoloxía mamaria diagnosticou que a paciente tiña un tumor canceríxeno, que lle foi extirpado quirúrxicamente só cinco días despois desta consulta.

Redacción
Melide

Os feitos comezan o día 12 de xullo do ano pasado, cando a melidense Mercedes Mosteiro acude ao médico de cabeceira cun vulto no peito. Segundo ela mesma afirma, o doutor asegúralle que se trata dunha “pequena inflamación” e mándaa facer unha analítica cuxos resultados tardarían quince días. A paciente e a súa filla, Concepción Vázquez, preocupadas polas posibles consecuencias futuras dunha espera excesiva, deciden acudir a unha consulta privada, xa que aseguran que o médico de cabeceira “nin sequera me deu un volante para o especialista”. Este outro médico, tras unha exploración, unha mamografía e unha ecografía, diagnosticou a Mercedes un tumor cance-



A detección a tempo evitou a mastectomía

rixeno no peito dereito. Cinco días despois, o 27 de xullo (un día antes de que estiveran listos os resultados da analítica realizada no Centro Médico de Melide), o especialista privado operou a Mercedes e extirpoulle o tumor. Segundo conta a filla da paciente, Concepción, non foi necesario extirpar o peito por

telo collido a tempo, pero si o foi o tratamento con quimioterapia e unha longa rehabilitación á que actualmente se está a someter Mercedes.

O SERGAS rexeitou a reclamación por falta de “urxencia vital”

Un mes despois da operación, Concepción decidiu denunciar os feitos ante o SERGAS mediante unha

reclamación administrativa, coa que solicitaba ademais o reintegro do importe abonado á sanidade privada debido a un diagnóstico inicial equivocado do médico de cabeceira.

Sen embargo, o SERGAS denegou por dúas veces a súa reclamación alegando que Mercedes acudiu ao privado sen atoparse nunha “situación de urxencia inmediata e de carácter vital”, tal e como versa a última resolución con data de 16 de decembro de 2004.

Concepción, pola súa parte, asegura non entender “qué entenden eles por urxencia de carácter vital” e pregúntase “qué faría calquera outra persoa á que lle digan que a súa nai ten cancro de mama e que ten que entrar en lista de espera para operar cando, no caso do cancro, o

tempo é vital”.

A filla de Mercedes afirma tamén que non é o diñeiro o que lle importa, “que o empreguei ben empregado”, senón o “pasotismo do médico de cabeceira e de moitos outros”.

“A xente ten medo a represalias”

Concepción quere deixar claro tamén que non é a única persoa de Melide que ten queixas deste doutor en concreto e de outros do Centro Médico; o problema para ela é que “a xente ten medo a represalias e non se atreve a dar ningunha queixa”.

Por isto, aclara que o que ela quere reclamar é que “os médicos de cabeceira dean volantes en tempo e en hora e que os pacientes perxudicados lle fagan fronte ás cousas en vez de queixarse por detrás”.

Melide conta xa con servizo de velorio municipal

As autoridades municipais foron as encargadas de inaugurar as instalacións, financiadas pola Deputación

Redacción
Melide

As instalacións situadas na antiga praza de abastos da rúa Alhóndiga contan cunha superficie total de 203 m² distribuídos en dúas áreas abertas ao público, as correspondentes a dúas áreas de exposición, un recibidor, a entrada para o servizo, dous aseos e un cuarto de máquinas.

A culminación deste proxecto tivo lugar o domingo día 13 de marzo ás sete e media da tarde, momen-

to da súa inauguración, e supuxo un orzamento de 167.812 euros achegado íntegro pola Deputación de A Coruña dentro da partida do Plan de Obras e Servizos (POS) de 2004.

A polémica da ubicación

En novembro de 2003, o pleno da corporación daquela presidida por Miguel Pampín aprobou o proxecto do velorio cos votos a favor do PP e do PSOE e coa abstención do BNG, que aínda que asegurou estar a favor da implantación deste servi-

zo, non estaba dacordo coa ubicación do mesmo, debido a que se atopa nunha zona habilitada para o mercado dos domingos e na que o tráfico de vehículos resulta complicado. Estas obxeccións do BNG foron avalladas no momento por 50 sinaturas de veciños da zona disconformes tamén co lugar de instalación do velorio. Con respecto ao problema dos feirantes, nestes momentos non existen noticias de que vaian ser reubicados.

Empresarios de Melide propoñen ideas para crear emprego

O programa Rurbanet, promovido pola Deputación, dá os primeiros pasos

Redacción
Melide

A comarca de Melide é unha das tres beneficiadas en Galicia polo proxecto de fomento do emprego Rurbanet.

O pasado 10 de marzo reuníronse no Concello de Melide representantes da empresa da comarca como ASETEM, a Cámara de Comercio e a Fundación Terra de Melide, que achegaron ideas de creación de novas empresas diante da

coordinadora do proxecto, Manuela Corral. Entre outras, propúxose a creación de empresas de servizos ao peregrino ou de aluguer de cabalos para o Camiño de Santiago, tamén un centro de día privado para maiores ou unha nova empresa de informática. Segundo se espuxo na reunión, hai mozos desempregados en Melide interesados nalgunhas destas ideas.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) resolverá as solicitudes presentadas no Concello ata o día 7 de maio

Aberto o prazo para solicitar unha das vinte novas vivendas de promoción pública de Melide

O Concello encárgase de recoller as solicitudes que se presenten, elaboralas, aprobalas e remitilas ao IGVS, organismo dependente da Consellería de Política Territorial, que decidirá en última instancia quenes serán os adxudicatarios destas vivendas, a pagar mediante unha hipoteca a longo prazo e subvencionada. Os vinte novos pisos estarán rematados, segundo o previsto, a mediados de xullo.

Redacción
Melide

O prazo para solicitar unha vivenda social está aberto desde o pasado 7 de marzo e ata o 7 de maio. Os interesados deben levar a documentación requirida ao Concello, que ten a competencia para "elaborar e aprobar" as solicitudes que se presenten. Cando remate o prazo, o labor de "selección e designación de beneficiarios e a posterior adxudicación" correspondaxa, segundo o decreto autonómico correspondente, ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), quen promove e financia este proxecto cun orza-

mento de 1.102.000 euros. Estes vinte novos pisos complementan á primeira fase de vivenda de promoción pública de Melide, que hai sete anos adxudicaba 23 vivendas situadas no mesmo lugar que as novas: a rúa José Cándido Paz Ares, na zona do Campo da Feira. As obras comezaron en abril de 2004 e rematarán, segundo o prazo de execución, a mediados do próximo mes de xullo.

Características da Vivenda

Nesta ocasión trátase de 20 vivendas repartidas en tres bloques (tres portais). Teñen unha extensión



O prazo de execución das obras remata en xullo

media de 80 metros cadrados, algunhas con dous dormitorios e outras con tres, e constan de vestíbulo, salón comedor, cociña con tendedeiro,

dormitorio principal e dobres, dous baños, garaxe e trasteiro. Os beneficiarios terán que pagar unha hipoteca a longo prazo e subvencionada.

Algúns dos requisitos

- Residir no Concello de Melide cunha antigüidade mínima de dous anos.
- Carecer de vivenda en calidade de propietario, arrendatario ou usufructuario, ou ben
- Ser arrendatario cunha renda superior ao 30% dos ingresos anuais, ou ben
- Acreditar que a vivenda da que se dispón sexa inhabitable.
- A maiores, valorarase cun baremo estipulado por Decreto o nivel de ingresos, o número de membros da unidade familiar, a xuventude do solicitante, etc.

Fomento comeza os trámites para licitar a autovía pero exclúe o tramo Arzúa-Palas

Esperan a resolución definitiva do PORNA da Serra do Careón

Redacción
Melide

O Ministerio de Fomento aprobou o pasado 9 de marzo o estudo definitivo dun tercio do trazado da autovía Santiago-Lugo, así como o expediente de información pública. Trátase dun paso previo á licitación do proxecto, antesala do comezo das obras. Sen embargo, o polémico tramo entre Arzúa e Palas segue parado. A Demarcación de Carreteras do Estado afirmou na prensa galega que están "á espera dun estudo adicional dunha alternati-

va que discurra o máis cercana posible á N-547, según a prescripción da Declaración de Impacto Ambiental". Para isto, agardan a resolución definitiva do Plan de Ordenación de Recursos Naturais da Serra do Careón (PORNA), cuxo documento previo está xa nas súas mans e nas dos Concellos afectados. Á espera de alegacións por parte dos concellos de Palas, Agolada, Santiso, Toques, e o propio Melide, o PORNA será definitivo para decidir o trazado.

O Concello bota no lixo as pancartas da Plataforma

Foran financiadas con diñeiro de veciños anónimos que se uniron á causa do colectivo no seu momento

Redacción
Melide

A alcaldesa comunicou ao colectivo veciñal mediante un escrito que, "debido ao mal estado das pancartas, entendeuse necesario o seu tratamento como residuos". É dicir, o Concello, que retirara as pancartas colocadas na vila pola Plataforma "Autovía por Melide" a pasada primavera, decíciu botalas no lixo. Este escrito foi a resposta a unha solicitude feita polo colectivo o pasado 11 de xaneiro, cando rexistraba unha carta no Concello pedindo a devolución das pancartas "pagadas polo

pobo de Melide".

A actuación da institución municipal provocou a reacción da Plataforma, que a considera unha "vexación" non só contra o colectivo en si mesmo, "senón tamén contra o pobo de Melide", xa que as pancartas foron financiadas por veciños que, naquel momento, se uniron á causa da autovía por Melide.

É por isto polo que, desde a Plataforma, instan ao goberno municipal a que "procedan á dimisión de Ánxeles Vázquez", e ademais, anuncian que van emprender accións legais contra o Concello de

Melide para esixir a indemnización correspondente ao valor das pancartas, é dicir, uns mil euros segundo declara a Plataforma.

Pola súa parte, a alcaldesa xustificaba a decisión do Concello en La Voz de Galicia argumentando que as pancartas estaban deterioradas e supoñían "un serio perigo para os viandantes da zona".

Un argumento que rebatía o presidente do colectivo, José Antonio Rodríguez, quen asegura que o deterioro non era tal e que a razón pola que as sacaron foi a chegada do verán e dos turistas.

O conselleiro de Política Agroalimentaria foi o encargado de inaugurar as instalacións da empresa no polígono da Madanela

LASURGAL revaloriza o sector lácteo da Terra de Melide coa transformación do soro das queixerías

A empresa LASURGAL, situada no Parque Empresarial de Melide, dedica a súa actividade á transformación de soro lácteo procedente das queixerías en soro concentrado e nata pasteurizada. Deste xeito, ponse en valor un subproduto do leite que, ata o de agora, non tiña normalmente unha utilidade empresarial. Esta nova entidade, que conta con seis empregados directos, inaugurouse o pasado 23 de febreiro coa presenza de autoridades municipais e do conselleiro de Política Agroalimentaria, Xosé Antonio Santiso Miramontes.

Redacción
Melide

O soro lácteo que se deriva da fabricación de queixos é a materia prima desta nova empresa melidense. LASURGAL, de Eugenio Rey, comezou a súa andaina hai xa un ano e, ata o de agora, son quince as queixerías galegas que se benefician da súa actividade.

O soro que recollen sométeno a un proceso de desnatado co que obteñen dous produtos: soro concentrado e nata pasteurizada, ámbolos dous destinados á fabricación de alimentos elaborados e de racións para a alimentación animal.

O conselleiro Santiso Miramontes destacou no seu discurso de inauguración que a empresa "constitúese como unha nova malla nese proceso produ-



Os asistentes á inauguración acompañaron ao conselleiro na visita ás instalacións

tivo do sector gandeiro de tanta transcendencia nesta Terra de Melide". Ademais, segundo fontes da propia empresa, LASURGAL ten previsto

a medio prazo pór en marcha unha liña de investigación, desenvolvemento e innovación para obter novos produtos de maior valor engadido, co obxec-

tivo de ofrecer "un marco de sevizo completo ao sector queixeiro". Santiso pechou o seu discurso coa felicitación aos promotores da industria.

As cifras

Investimento

3.507.962 Euros
-Subvencionados pola Xunta de Galicia:
1.010.702 Euros = 29%

Volume de traballo

A previsión para o exercicio de 2005 é a de chegar a procesar 45 millóns de litros de soro.

Emprego

A empresa conta con seis empregados directos e dá traballo a outras 10 persoas indirectamente na recollida de soro e no transporte dos produtos elaborados.

Instalacións

1.700 metros cadrados no Parque Empresarial da Madanela.

Celta Prix compareceu ante o Tribunal Superior de Xustiza

A demanda de UXT por incumplimento dun acordo que puña fin á folga de novembro segue o seu curso na Sala do Social do TSXG

Redacción
Melide

Menos dun mes depois de que UXT levara o caso ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), a empresa Celta Prix e os traballadores compareceron ante este xulgado o día 8 de marzo. A acusación de incumplimento do acordo de suba salarial posterior á folga de novembro ten prevista a sentenza para finais de marzo.



Os xuíces escoitaron a lectura dos informes da acusación e da defensa

Melide recibe 2.500 árbores autóctonas para plantar no Camiño

A Consellería de Medio Ambiente outorga estas árbores dentro da Campaña "Un millón de árbores para os Camiños"

Redacción
Melide

Castiñeiros, pradairos, freixos, carballos, nogueiras e cerdeiras. Son as especies que o pasado 19 de febreiro entregou a Consellería de Medio Ambiente ao Concello de Melide para que as planten os propietarios de terreos colindantes co Camiño Francés.

Trátase da segunda fase da Campaña "Un millón de árbores para os Camiños", que promove a Consellería co obxectivo de potenciar o valor paisaxístico das diferentes rutas xacobeas de Galicia a través da plantación de frondosas caducifolias. O proxecto rematará coa entrega de un millón de árbores nos Concellos do Camiño.

O BNG solicita a restauración do Cruceiro de Xubial

Cren que corre "serio perigo de caer"

Redacción
Melide

O grupo nacionalista de Melide rexistrou un escrito no Concello solicitando a restauración do Cruceiro da parroquia de Xubial.

Ademais, queren coñecer tamén o motivo polo que se atopa, segundo aseguran, "en serio perigo de caer a parte superior". Só saben que romperon varias pedras da base, pero afirman que "nada se sabe dos motivos" polos que sucedeu.

Por isto, quixeron pór en coñecemento á alcaldía do estado no que se atopa o cruceiro e tamén solicitar información sobre "o que se pretende facer ao respecto e os prazos previstos para a súa execución".



Estado actual do Cruceiro de Xubial

O BNG quiere participar no tribunal de oposicións municipal

O PP rexeitou a súa proposta en 2003 e, este ano, o Concello aínda non contestou a petición dos nacionalistas

Redacción
Melide

O BNG de Melide vai presentar unha moción en pleno ordinario para que se permita a presenza de concelleiros da oposición nos tribunais dos exames que deciden as prazas de emprego público municipal. En breve haberá en Melide oposicións para cinco prazas municipais, dúas de funcionariado e tres fíxas, e o BNG solicita unha vez máis a súa participación no tribunal.

Antecedentes

Os nacionalistas rexistraron un rogo coa mesma petición o pasado mes de novembro, pero non obtiveron ningunha resposta. Ademais, o grupo do BNG

lembra tamén que, en 2003, sendo alcalde Miguel Pampín, houbo un "proceso selectivo polo que se adxudicaron nove prazas e non se permitiu a presenza de ningún membro do BNG en todo o proceso".

É por isto polo que agora presenta a mesma proposta en forma de moción que vai ser votada no próximo pleno ordinario. Nela solicitan información á alcaldía sobre a situación na que se atopa o tema, pero tamén a modificación da base quinta das Bases Xerais de oposicións, para que poida haber máis dun concelleiro presente na realización das probas. Ademais solicitan a pre-

senza dun concelleiro de cada grupo no tribunal de oposicións.

Por último, e como nas anteriores ocasións, os nacionalistas indican que, no caso de que o goberno municipal non acepte ningunha destas propostas, que si permita, polo menos, que algún concelleiro do BNG poida "presenzar a realización das probas con voz e sen voto".

Por último, o grupo nacionalista agarda "que na nova etapa con Ánxeles Vázquez ao fronte da alcaldía se poida ver algún cambio e que, cando menos, conteste aos escritos presentados pola oposición".

Opinión

Melide Virtual

EMILIO ARES RICO

Todos os días almorzamos cunha nova noticia, cambio ou logro frustrado, cuxo único interese é saber quén o conseguiu. Non importa a finalidade. Si, en cambio, o protagonismo. Non importa defender a vila. En cambio, preocupa a opinión do partido. E sabendo que para ter dominio no partido hai que ter control de identidade sobre o teu pobo... ¡Qué pouca preocupación temos sabendo a cantidade de cambios municipais que houbo en tan pouco espazo de tempo! ¿Volveuse todo o mundo pasota? Seguramente non, pero ¿é talvez o momento da explosión? Din que as guerras fan estraños compañeiros de viaxe ou de cama, e moitas alianzas actuais construíronse en momentos críticos moi parecidos ás guerras. Cada un trata de ubicarse no entorno que considera máis afín coa súa forma de facer negocio. Se hai negocio, o interese é maior para desenvolver programas, salvo que a experiencia municipal do control sexa total. E, sabendo que o pobo é pasota, desenvólvense os distintos orzamentos ao libre albedrío de quén goberna. Para que o seu volume de orzamento sexa maior teñen que aumentar os datos estatísticos e as valoracións do valor

catastral do municipio, non preocupando que, debido a este valor, os impostos municipais que pagamos todos sexan maiores. Cun control así e sabendo que a maioría do orzamento repercute en todo o personal municipal, que tamén se controla como votos submisos e obrigados, lévanos a este resultado electoral que temos.

Cunha experiencia municipal así, non interesan os investimentos para facer un Melide con maior desenvolvemento económico e industrial. É moi bonito ter uns datos dun censo de poboación inflados, presumir dun orzamento municipal alto e ver como a mocidade ten que marchar porque non hai actividade. Ver como unha asociación de empresarios quixo desenvolver unha feira do motor durante nove días e se lle negaron todos os permisos. As formas distintas de ver e de afrontar os retos futuros déixannos no interrogante da cantidade de perda de volume de investimento municipal.

Por ter presumido de ser un pobo rico con esos datos estatísticos non reais. Se os políticos tivesen sentido común contrastarían as estadísticas coa realidade, se non, seremos ricos virtuais pero pobres reais.



Rúa Rocamador, 2
Tfno.: 981 50 51 64
Fax: 981 81 54 66
15.800 MELIDE (A Coruña)

A nova lei de horarios provoca malestar en todo o sector da hostaleiría

Os pubs de Melide teñen que pechar dúas horas antes do que pechaban ata agora, e os que teñen licenza de tablaos flamenco, café concerto ou café cantante, redúceselles ata tres horas o horario permitido

Leticia Trillo
Melide

O pasado 20 de febreiro entraba en vigor a nova lei de horarios mediante unha orde da Xunta de Galicia. Coma todos os anos, apareceu por estas datas a renovación da normativa, da que xa se esperaba unha redución horaria dado que a lei do ano 2004 fora especial por causa do Xacobeo. Sen embargo, a redución foi máis drástica do que o sector pensaba e, a moitos, colleunos por sorpresa.

En xeral, en toda Galicia houbo malestar, sobre todo entre os mozos e mozas, acostumados a alongar a noite ata as primeiras raiolas do sol, e tamén entre os propietarios de locais de ocio, que

viron reducida máis que nunca a súa “xornada de traballo” e tiveron que intentar meter cartos nas caixas a contrarreloxo, o cal, desde logo, non agrada á clientela nocturna, que nunca ten presa.

Saír á hora de entrar

A nova orde da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, que vai parella ao decreto 292/2004, que cataloga as distintas tipoloxías de locais de hostaleiría, achega cambios significativos.

Para empezar, cataloga aos cafés teatro, cafés concerto, cafés cantante e tablaos flamencos dentro das “actividades de restauración” e non de ocio, e por iso ven reducido o seu horario de apertura, en



Cheo total nunha discoteca de Melide arredor das cinco da madrugada

inverno, ata as dúas e media da madrugada, e unha hora máis en verán, cando antes pechaban, como mínimo, tres horas

máis tarde.

Por outra banda, os pubs pasan a pechar por lei ás tres e media e as discotecas unha hora e media

mais tarde.

En definitiva, un ritmo de movida ao que ningún está acostumado e, especialmente, en Melide.

O descontento de todos, incluídas as asociacións de veciños, provoca que se anuncien cambios

O nivel de ruído nas rúas aumentou e os incidentes violentos repetíronse en varias vilas. Xesús Palmou comprometeuse nunha reunión a cambiar a orde se hai consenso.



A disposición transitoria segunda

Está polémica moratoria establece que os locais que precisen adaptar as súas licenzas ao novo catálogo teñen un prazo de dous anos para facelo e que, mentres tanto, poden seguir mantendo os hora-

rios de 2003. O alcalde de Santa Comba acolleuse a ela para que algúns locais da vila non tivesen que pechar tan cedo, pero as diferentes interpretacións posibles confunden a hostaleiros e políticos.

Leticia Trillo
Melide

A primeira alarma saltaba catro días despois da entrada en vigor da nova normativa de horarios. La Voz de Galicia publicaba que a Sala Capitol de Santiago “prescinde de 19 traballadores polo novo horario”.

Despois foi Santa Comba a protagonista. Na fin de semana do 26 de febreiro, varios mozos enfadados polo peche dos pubs a horas inusuais queimaron colectores e tiraron vasos e botellas contra o camión dos bombeiros.

A Estrada foi a seguinte en unirse á técnica do botella-

zo cando, na noite do 5 de marzo, ao ver pechar os pubs ás tres e media da madrugada, varias persoas en pleno rendimento nocturno xuntáronse na praza da vila a entonar cánticos ou a improvisar discotecas ao aire libre cos radio-cd dos coches. Despois chegou a policía e as botellas convertéronse en improvisadas armas arrojadizas que tiveron que esquivar habilmente as forzas da orde pública.

Palmou reuniuse co sector

O 3 de marzo, o Conselleiro Xesús Palmou reuniuse coa Confederación de

Empresarios de Hostaleiría de Galicia e coa FEGAMP para pór en común os problemas evidentes que estaba a xerar a lei. O que trascendeu desa xuntanza é que estiveron dacordo en que a división entre horarios de inverno e de verán non era apropiada e tamén, que os cafés teatro, concerto, cantante e tablaos flamencos deberían volver estar entre os locais de ocio e non de restauración (e aumentar así o seu horario de apertura). Sen embargo, Palmou apelou á necesidade de “consenso” e emprazou os posibles cambios para o mes de maio.

Nani e Ricardo:

“Comer hai que comelo, pero non se dá dixerido”

O ambiente da movida nocturna de Melide defíneno como “pesimista”, cren que os novos horarios son perxudiciais para case todo o mundo e, sobre todo, para a vila de Melide. Empezando polos propios donos dos locais de ocio, pero seguindo tamén cos empregados, os restaurantes, as cafeterías, os distribuidores... Todos, baixo o seu punto de vista, vanse ver perxudicados pola redución de horarios. Nani, do Gatos, e Ricardo, do Versus, contaron a Cerne as súas impresións sobre este polémico tema.

Ledicia Trillo
Melide

¿Como recibistes a noticia dos novos horarios?

Ricardo (R): Pois enterámonos polo Concello e pola prensa e reaccionamos basicamente mal. É un recorte demasiado rápido así de súpeto.

¿Cales son os horarios ideais para Melide?

R: Os que tivemos hai un ano. Os pubs sen música ás cinco e media e desaloxados ás seis. É un horario bastante razoable, todos máis ou menos contentos, nós aínda tiñamos tempo a saír a tomar algo e, o que quixera marchar, non era unha hora desorbitada.

¿E con ese horario, había problemas graves cos veciños?

R: En xeral non. Houbo unha temporada en que algún local pasouse e, claro, xerou protestas, pero son catro días contados, unha cousa moi puntual. Despois podería haber algún veciño que...

Nani (N): Nunca chove a gusto de todos...

¿Como reaccionaron os vosos clientes cando, o 20 de febreiro, empezastes a cumprir os novos horarios?

N: Os meus moi mal, dicindo que se non nos merece a pena vir a Melide, que se vamos para outro lado, ou que se non nos merece a pena saír da casa. É que non lles chega a noite a nada. Date conta de que hoxe, ao que lle guste un pouco fútbol, acaba o partido do sábado cerca das doce, aínda vai cear, toma o café e despois aínda vai tomar un viño. Cando se dá conta vai aos

pubs e estamos pechando, toman unha copa e, veña, imos pechar. Parece que os malos aínda somos nós, que parece que os estamos botando fóra. Eu penso que os horarios que temos son de hai trinta anos; evolucionou a sociedade pero non os horarios. Que teña que controlar o tema da insonorización, os vasos e iso paréceme perfecto, pero que non nos veñan quitar o pan da boca.

¿Como definiríades o ambiente que se respira agora na movida de Melide?

N: Pesimista. Hai un caso curioso que me contou un rapaz de Friol que anda rozando a cuarentena. Díxome que sempre saíu ata a hora que lle deu a gana e, agora que xa lle queda pouco para deixar de saír (porque é un ciclo vital que se acaba), resulta que llo van limitar. ¿E iso como se come? Comer hai que comelo, pero non se dá dixerido.

R: Eu creo que a clientela agora está xa en plan de desisitir, resignados. Os poucos que veñan aquí agora xa saben o que hai e, os demais, hai cincuenta mil vilas que seguen incumprindo os horarios. De feito, a xente de Arzúa hai semanas que non vén.

Se isto se acaba por xeralizar, ¿credes que a xente acostumarase a ir para a casa máis cedo?

N: Para min non. Para min non se pode andar contra os tempos, non se pode cuspir contra o aire. A xente o que vai facer é buscarse a vida. Irá para Santiago ou para Coruña ou para Lugo, porque

aínda que a lei é para todos, coñecemos as cidades e sempre hai onde meterse, e se non hai, tes un colega que ten un piso en Santiago e vas facer alí unha festa, que aquí non vas facer porque están teus pais.

R: A fin de semana que se cumpriu estrictamente, houbo media hora na que a xente non tiña a onde ir e esperaron na rúa a que abriran as cafeterías...

N: Entón se os veciños protestaban polo ruído, agora aínda van protestar máis. E á parte diso, estás metendo tamén moita xente na estrada de golpe, xente que antes marchaba paulatinamente, un ás cinco, outro ás sete e outro ás dez da mañá. Pero agora meten a todos ás cinco da mañá nos coches, e cantos máis coches máis perigo hai de sinistros.

¿Que pensades que vai pasar a partir de agora? ¿Será o de todos os anos ou este é un problema máis grave?

N: Eu penso que hai un problema grave, dame esa sensación. Ogallá sexa o de todos os anos, pero eu creo que as forzas da orde pública están facendo cumprir máis estrictamente que antes. Antes a cousa era máis lixeira.

¿Como credes que vai perxudicar isto ao pobo de Melide en xeral?

R: Pois moito, porque non sei a porcentaxe da economía do Concello que moven os locais, pero seguramente un 50%...

N: E se a xente no vén as fins de semana pois os restaurantes non venden, e polo tanto, tampouco ven-

den as carnicerías nin as pescaderías...

R: E os distribuidores de bebida, que hai uns cantos, xa van deixar de vender, tanto a nós como aos restaurantes e a todos lados...

N: E se vén xente na fin de semana tamén ten máis posibilidade de comprar un vestido aquí, ou un pantalón...

R: Que se o ve no escaparate e lle gusta pois igual vén pola semana...

N: E despois a consecuencia máis directa. Se eu non gaño, eu non gasto. Se eu non gaño, non podo ter xa a tres persoas traballando, terei que estar eu só ou pechar o pub.

¿Hai perigo incluso de ter que pechar?

N: Por suposto, se segue así unha temporada un pouco tal...

R: Haberá que pensar niso, si. Si porque date conta que abrimos dous días á semana. Xogamos con marxes moi reducidas, entón, se por riba non podes traballar as poucas horas que podías, levará o peche e levará despídos e o que faga falta.

Entón, se non é bo para ninguén, ¿por que credes que se aprobou esta lei?

N: Home, este control está promovido pola Federación de Salas de Festas.

R: De feito, eu creo que todo isto empezárono a promover pedindo algo máis de marxe sobre os pubs. Eles non pretendían que nós pechamos ás tres e media, senón que querían máis marxe por riba de nós, porque claro, unha discoteca ten bastantes máis gastos de mantemen-

to que un pub, sempre ten máis persoal, etc. Entón non lles cubría os gastos e pedían algo máis. Non lles concederon o que querían e chegamos a esta lei.

N: E son un grupo con bastante poder. Date conta que moitas disocotecas son de grupos hoteleiros, xente de peso, ou é alcalde coma o de Touro, que é o dono de Dona Dana, etc.

R: A xente das discotecas normalmente pertence a un grupo, e creo que poden facer tanta forza como un político importante.

Se vós tivesedes poder para solucionar isto, ¿como o fariades?

N: Competencia municipal. Que os horarios fosen competencia dos Concellos. Así, que cada un aguante da súa vela e cada un saberá con que torear. Que os veciños protestan, haberá que tomar medidas, pechar antes ou insonorizar os locais. Que non protestan, que os locais viven e que dan vida á vila, pois deixalos vivir. E que non me veñan a min poñendo horarios da Coruña..., xa lle pagamos á SGAE coma se estivésemos en Madrid.

R: Nin aquí a xente sae cos horarios que saen na Coruña. Non podemos adaptarnos ao horario dunha cidade.

N: Aquí hai xente que traballa os sábados e ata tarde. Hai moito gandeiro, e un gandeiro... se hai que ir ao silo hai que ir ao silo, non se pode deixar para mañá. Eu penso que sendo unha cousa máis localizada, e non tan xeral, non teríamos estes problemas.

R: Estou dacordo.

O Concello concedeu licencia a Fenosa para a construción da minicentral despois de dous anos de negociacións

Veciños de Santiso crean unha asociación contraria ao futuro encoro de Seixo-Belmil

Dous anos despois de que saltara a polémica sobre a posible construción dunha minicentral eléctrica nos arredores da área recreativa de A Cornella, a licencia de obra para Fenosa está xa concedida pola Xunta de Goberno local. Sen embargo, uns setenta veciños non están de acordo con esta decisión e decidiron crear unha asociación para intentar defender os seus intereses de maneira conxunta.



A área recreativa da Cornella seguirá operativa trala construción do encoro

A asociación veciñal vai consultar con avogados as súas posibilidades

Redacción
Santiso

Tras coñecer a decisión do goberno local de conceder a licencia a Fenosa para a construción do encoro Seixo-Belmil, uns setenta veciños de Santiso decidiron crear unha asociación para defender os seus intereses en conxunto. Segundo o concelleiro de Agrupación Veciñal e membro desta asociación, Luís García Campos, o obxectivo principal do colectivo é o de impedir a construción do encoro e, no caso de que non sexa posible, negociar as mellores condicións de expropiación dos terreos para que os veciños e as parcelas afectadas sufran o menor dano posible. De momento, os membros propoñense non vender as terras nin negociar individualmente con Fenosa.

A expropiación afecta a terreos concentrados

Este futuro encoro Seixo-Belmil forma parte do plano de actuación de Fenosa coñecido como "Proxecto de aproveitamento integral da conca do río Ulla". Tralas restriccións acordadas polo Consello da Xunta, a minicentral prevista medirá 5 metros de alto desde o cauce do río por 75 de ancho, e abranguerá tamén 335 metros cadrados da área recreativa de A Cornella (que mide uns 5.500) como medida de prevención de posibles incidencias (desbordamentos, etc.). Ademais, a liña de alta tensión que levará a electricidade ata a central de Portodemouros, está previsto que ocupe 20 metros de ancho e que atraves

seis parroquias de Santiso. Dúas delas (Ribadulla e Beigondo) teñen completada a súa concentración parcelaria. As outras tres están en pleno proceso; algunha máis avanzada (como é Visantona) e outras menos (como Mourazos, Santiso e Belmil). Segundo Luís García, Fenosa quere pagar a expropiación a baixo custo (uns 1.000 euros por ferrado), feito que, unido ao impacto ecolóxico que supón a instalación dunha infraestrutura destas características, motivou a unión destes veciños para crear a asociación. O seguinte paso que teñen pensado dar, é a consulta conxunta con avogados que lles informen das súas posibilidades legais para loitar contra a central.

O alcalde recibe ataques da oposición por conceder a licencia

Redacción
Santiso

No pleno ordinario do pasado 1 de marzo retomábase a vella polémica santisense sobre o encoro que Fenosa proxecta construír nas inmediacións da área recreativa de A Cornella. O Concello concedeu a licencia á central eléctrica para levar a cabo esa obra o pasado 30 de decembro, dous anos despois de que a solicitara. Nun primeiro momento, a corporación de Santiso negara a concesión da licencia a Fenosa debido a que o encoro proxectado, Seixo-Belmil, estragaría a área recreativa de A Cornella. Máis adiante, en xullo de 2004, o Consello da Xunta aprobaba un acordo para que o encoro non afectase a área recreativa financiada polo Concello e, segundo o alcalde Ramón Villar,

"a nosa protesta fructificou ata aí".

Deste xeito, o goberno local xustifica a concesión da licencia á central eléctrica que, en palabras do alcalde, "ten a sartén polo mango e ían obrigarnos a darlla".

Sen embargo, a oposición segue a estar en contra da construción desta minicentral e da liña de alta tensión que a unirá co encoro de Portodemouros atravesando seis parroquias de Santiso.

O concelleiro independente, Ovidio Leiva, manifestou que "non me parece de ningunha seriedade" o feito de que o goberno local accedese á construción do encoro despois de asegurar que non o faría. Tamén os concelleiros do PSOE e de Agrupación Veciñal manifestaron o seu desacordo coa decisión unilateral do PP.

Catro concelleiros rogan ao alcalde que dimita

Os tres concelleiros independentes de Santiso e tamén o do BNG asinaron un rogo de dimisión do alcalde, Ramón Villar, que presentaron no pleno do pasado 1 de marzo. Nel acusan o rexedor de "representar unha actuación teatral coa finalidade de enganar aos veciños". Estes catro concelleiros consideran que Ramón Villar non é unha persoa "digna de representar este

pobo" porque incumpre acordos plenarios, como o de apoiar o trazado da autovía por Agolada ou o de non concender licencia a Fenosa para a construción do encoro, xa que hai dous anos, Villar declaraba no diario La Voz de Galicia, que "téñenme que levar preso para que se poidan empezar as obras". A oposición ofreceu tamén apoio ao PP para designar novo alcalde.

A oposición de Santiso vota en contra dos orzamentos

Consideran excesivos os gastos de persoal e non cren xustificadas os gastos en dietas e locomoción do alcalde

Redacción
Santiso

O pasado 1 de marzo aprobouse en pleno da corporación o orzamento municipal de Santiso para 2005. Este ascende, tanto no seu estado de gastos como de ingresos, a 805.682,27 euros.

En relación co exercicio anterior, as principais variacións nos gastos veñen dadas polo incremento que supón o contrato con SOGAMA para a xestión de residuos sólidos urbanos e tamén pola contratación dun traballador/a para a biblioteca que, aínda que adscrito ao Plan Labora, xera un gasto parcial para o Concello.

En canto aos ingresos, en relación con 2004, prevese “un aumento por concesión de licencias urbanísticas derivado da concesión da licenza para a execución do proxecto do encoro de Seixo-Belmil”. É dicir, que a concesión da polémica licenza á empresa Fenosa supón para o orzamento municipal un aumento dun 9,5% nos seus ingresos.

Agrupación Veciñal de Santiso

O concelleiro deste partido Luís García Campos, foi o primeiro en rebater os orzamentos no pleno. Para el, este documento “tiña que estar aprobado antes de empezar o exercicio” e non dous meses despois. Ademais, quixo manifestar a súa protesta polo feito de que se lle convocara ao pleno con só dous días de antelación, que considera insuficientes para preparar “algo tan importante como é o orzamento municipal”.

Ademais, entrando nos distintos apartados do documento, Campos resaltou o incremento do gasto que supón a contratación de SOGAMA. Para el “hai empresas que o fan máis barato e non entendo por qué ten que ser SOGAMA”. Por outra banda, pediu que se xustifiquen as dietas e a locomoción do alcalde, ao que increpou dicindo que “se quere ir escoitar a Fraga a Santiago vaia vostede e non nolo cobre a nós, que o Concello xa ten bastante”. Finalmente, Campos anunciou que denunciaría a ilegalidade do orzamento por non cumprir un acordo plenario no que se acordara igualar as condicións dos traballadores do Concello ás dos da Xunta.

Partido Socialista

A concelleira do PSOE, Inés Cagide, tamén considera “un gasto moi excesivo para Santiso” o das dietas e locomoción da alcaldía, e ademais o de persoal. Cagide propuxo ante o pleno que o alcalde non tivera dedicación exclusiva ao seu cargo porque “non é axeitada para un Concello tan pequeno”.

A votación

O orzamento para o exercicio de 2005 foi aprobado finalmente cos seis votos a favor do PP, catro en contra e unha abstención da oposición.

Agora, trala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP), entrará en fase de exposición pública e alegacións durante quince días hábiles, nos que os interesados poden consultalo e alegar o que lles pareza oportuno.

Carecía de licencia para a construción

A orde de derrubamento dun alpendre centraliza o pleno de Toques

A dona do pendello e a oposición acusan ao alcalde de estar a facer un “agravio comparativo” entre veciños de distinta “cor política”



A dona do pendello decidiu derrubalo antes de que o fixeran as autoridades locais

Redacción
Toques

Os dous grupos da oposición do Concello de Toques (PSOE e AIT) non quixeron pasar por alto uns feitos ocorridos na fin de semana do 19 de febreiro. Unha veciña de Souto, Sara Villamor, víase obrigada a derrubar un pendello que levantara na súa casa debido a unha orde municipal. A construción carecía de licencia e non gardaba os tres metros de retranqueo que establece a antiga Lei do Solo. Ademais, a orde de derrubamento apelaba tamén ao “feísmo ubanístico”.

A veciña afectada foi a primeira en denunciar os feitos no diario La Voz de Galicia, no que acusou ao alcalde, Xesús Ares, de estar a facer un “linchamento persoal” por non pensar coma el, xa que, segundo afirmaba, existen moitas outras construcións no municipio sen licencia e que non cum-

pren as normas estéticas. “So hai que ver os casetos que ten aí arriba”, declaraba Sara Villamor sobre as construcións do propio alcalde. Despois desta aparición en prensa, a oposición levou o tema ao pleno ordinario do pasado día 1 de marzo.

AIT presentou unha moción

A Asociación de Independentes por Toques (AIT) solicitou á corporación, mediante unha moción, que aprobara un acordo plenario para que o Concello “inste aos veciños de Toques” a legalizar as súas obras construídas sen licencia. Ademais, o Concello “debería renunciar ao cobro das taxas correspondentes”, xa que o grupo independente considera ao goberno municipal responsable da “situación caótica creada por non aplicar unha política de outorgamento de licencias”. A moción foi rexeitada cos votos en contra do

equipo de goberno. Por outra banda, AIT solicitou un informe das licencias municipais solicitadas polos propios membros do goberno para a realización das súas obras nos últimos seis anos, que será contestada no próximo pleno.

O PSOE

Na mesma liña, a concelleira socialista, Cruz Bande, preguntou ao goberno polas licencias concedidas no Concello durante os últimos cinco anos, e tamén quixo saber se ían tomar medidas do mesmo calibre con outras construcións ilegais. Ademais, Bande advertiu ao alcalde que “pode saír escaldado se quere falar de incumprimento de normas urbanísticas”. Asegurou que Ares demostra “un desprezo absoluto pola legalidade” e que “a súa deixadez permitiu o estrago de bens patrimoniais”. O alcalde, pola súa parte, decidiu contestar a todo na próxima sesión plenaria.

O Concello de Toques “intentará dar satisfacción ao maior número posible” de alegacións ao PXOM

Os independentes preguntaron ao equipo de goberno por qué non houbo fase de suxerencias previa á aprobación inicial do Plan

Redacción
Toques

O equipo de goberno toquense respondeu no pleno do 1 de marzo ás preguntas feitas polos independentes na anterior sesión do 4 de xaneiro, relacionadas, na súa maior parte, co Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

Sobre se tiñan pensado facer algunha alegación ao actual PXOM, os concelleiros non adscritos responderon que teñen “detectado lixeiros axustes de carácter técnico que o equipo de goberno considera que deben ser subsanados”. Engaden ademais que as 201 alegacións presentadas ata o momento de colectivos e particulares “non representan máis que a solicitude de pequenos retoques” e que algunhas “son total-



O goberno considera que as 201 alegacións só supoñen “pequenos retoques”

mente compartidas polo equipo de goberno”, polo que “se intentará dar satisfacción ao maior número posible”. Sen embargo, os

independentes aseguran que unha das alegacións particulares solicita, por exemplo, o cambio de ubicación do futuro Polígono

Industrial, prevista na zona da Bragaña.

Os concelleiros de AIT querían saber tamén cal foi o motivo polo que non

existiu en Toques a fase de suxerencias previa á aprobación inicial do PXOM, regulada na lexislación baixo a denominación de Documento Avance, aínda que non obrigatoria.

O goberno local xustifica a súa decisión de non incluír esta fase previa na “baixa complexidade urbanística” do Concello, co que consideran que “a exposición do Avance non supón melloras para o Plan que non se poidan introducir na fase na que nos atopamos”, é dicir, na fase de alegacións. Sen embargo, o concelleiro de AIT, Manuel Ferro, asegura que o Documento Avance si tería suposto vantaxes para os veciños e máis tempo para estudia- ren o documento e para decidiren as modificacións convenientes para o municipio.

Toques solicitará un ou dous puntos limpos para plásticos

O pleno aprobou por unanimidade a proposta dos independentes

Redacción
Toques

O equipo de goberno presidido por Xesús Ares vai iniciar os trámites para que a Consellería de Medio Ambiente financie a instalación dun ou dous puntos limpos para a recollida e reciclaxe de plásticos usados, principalmente silos e lonas de uso agrícola e gandeiro.

A iniciativa parte dunha moción presentada pola Agrupación de Independentes por Toques (AIT) e aprobada por todos os membros da corporación municipal. Nela,

o grupo da oposición pedía a creación de tres puntos limpos por considerar que “serían de grande utilidade para todos os veciños e, sobre todo, para os gandeiros”, que utilizan estes plásticos e que non teñen un colector específico para botalos despois de usados.

Aínda que reducindo o número (en vez de tres comprometéronse a solicitar un ou dous), o equipo de goberno apoiou a moción de AIT e anunciou que iniciaría os trámites necesarios coa Consellería de Medio Ambiente.

A Deputación destina 11.000 euros ao fomento da igualdade de xénero na comarca

É a primeira vez que o organismo provincial concede axudas a Concellos e Asociacións para esta finalidade

Redacción
Melide

Melide, Toques e Sobrado teñen asignadas distintas partidas da Deputación para traballar pola igualdade entre homes e mulleres. O obxectivo destas axudas, segundo o organismo, é o de “colaborar, tanto no mantemento de actividades, coma nos investimentos que os concellos ou asociacións realicen neste ámbito”.

En total, os tres concellos da comarca que reciben esta axuda (Melide, Sobrado e Toques; todos agás Santiso), repártense

11.093 euros para distintas actividades.

Melide

A cabeceira de comarca é a máis beneficiada, cun total de 6.079 euros destinados a tres actuacións: un programa formativo de participación sociopolítica das mulleres, a elaboración e posta en marcha dun plano municipal de igualdade e tamén para a adquisición do equipo informático necesario.

Toques

A partida orzamentaria para este municipio duns 1.500 habitantes ascende a 982 euros, destinados na

súa totalidade á formación, emprego e conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Sobrado

Neste Concello o investimento é de 2.032 euros repartidos en dúas actividades: a elaboración dun plano de igualdade entre homes e mulleres e a realización de cursos de formación en novas tecnoloxías. Ademais, a Asociación A Maristela deste municipio percibirá tamén unha partida de 2.000 euros para levar adiante diversos obradoiros con mulleres do rural.

Abastecemento de auga no Ribeiro (Melide) e mellora da estrada Cruces - Penablanca (Sobrado) son algunhas das obras previstas

Case 388.000 euros da Xunta e da Deputación para a mellora de infraestructuras

A Consellería de Política Agroalimentaria destina unha partida de 243.941 euros para infraestructuras na comarca de Melide, que unidos á partida outorgada pola Deputación Provincial dentro do Plan de Conservación de Vías Provinciais 2005 (144.000 euros), supoñen un

total de 387.941 euros que durante este ano se investirán nos catro concellos da Terra de Melide. A cabeceira de comarca será a máis beneficiada, levando un 47% do orzamento total achegado polos dous organismos públicos.

Redacción
Melide

A Consellería de Política Agroalimentaria

O conselleiro Santiso Miramontes asinou o pasado 23 de febreiro en Ordes o acordo de colaboración cos Concellos da comarca, co que se aprobou a partida de 243.941 euros para a mellora de infraestructuras rurais na Terra de Melide. Esta achega do organismo autonómico encádrase dentro do "Programa de Cooperación para Infraestructuras Rurais", dotado con 20 millóns de euros para toda Galicia.

Segundo fontes da Consellería, os criterios de asignación de cada partida responden a datos consensuados pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e teñen que ver coa poboación de cada municipio, a superficie, o número de entidades de poboación con menos de 1.000 habitantes, a despoboación rexistrada entre 1991 e 2003 e a poboación maior de 64 anos.



A Deputación está a traballar nas obras de ampliación da estrada en Chorén

A Deputación

O pleno deste organismo provincial aprobou o pasado 24 de febreiro unha partida de 144.000 euros para a mellora de estradas na Terra de Melide.

As principais actuacións a realizar nas vías seleccionadas son o tratamento de marxes e cunetas, a reparación de firmes e capas de rodadura, a sinalización vertical e horizontal, a seguridade vial e obras de drenaxe.

Segundo a Deputación, trátase de "obras precisas para que as estradas non supoñan perigo algún para os usuarios".

OBRAS DA CONSELLERÍA

En Melide: 85.802 euros
-Ampliación do saneamento e abastecemento de auga ao núcleo do Ribeiro.
-Pavimentación do camiño de Pista Garea a camiño Gondollín.
-Construción de beirarrúas da Costiña ao núcleo rural do Ribeiro.
En Santiso: 48.325 euros
-Pavimentación dos camiños de Vilameá e Novela-

Belmil-Maceiriña
En Sobrado: 59.820 euros
-Colocación de sete válvulas reductoras na rede de abastecemento de auga, na recollida de pluviais en Torente e na captación de auga en Campelo.
En Toques: 49.994 euros
-Pavimentación dos camiños Fraga-Punxín, pista de Foxón e camiño escolar Villamor.

OBRAS DA DEPUTACIÓN

En Melide: 95.814 euros
-Estrada de Melide a Toques por Figueiras
-De Furelos a O Meire e prolongación
-De Melide a Ribadulla
-De Melide a As Pias por Toques
En Sobrado: 29.972 euros
-Estrada de Cruces a Penablanca
En Toques: 18.258 euros
-Camiño a San Antolín

En Santiso non haberá actuación en 2005.
O organismo provincial xustifica esta decisión no feito de que nestes momentos estase a ampliar e renovar a estrada de Chorén ao lugar da Cruz, obra financiada pola Deputación con orzamento do pasado exercicio 2004.

A.S.E.T.E.M.
Asociación de Empresarios Terra de
Melide

ELECTROTEL
2.000, S.L.

C/ Florentino López Cuevillas, 18 Baio
15800 MELIDE (A Coruña) Tlfnos. y fax: 981 50 71 71

C/ San Roque, 15
15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 06 28 88

Joyería Oro Ley
Taller Propio

Rúa San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A CORUÑA) Telf.: 981505468

En Sobrado e en Toques, o voto en branco chegou a superar o voto en contra do tratado

A Terra de Melide di "SI" á Constitución Europea cun nivel de participación por debaixo da media

39 de cada 100 persoas da comarca de Melide foron votar o pasado día 20 o referendun da Constitución Europea. Esta porcentaxe é inferior á media estatal de participación en máis de tres puntos (42,32%) e á galega en máis de catro (43,04%). En concreto, foron os toqueses e os melidenses os que menos se animaron a ir votar. Polo demais, da táboa

de resultados da comarca destaca a alta porcentaxe de votos nulos rexistrados no Concello de Toques, dous puntos por enriba da media, e tamén o feito de que en Sobrado e de novo en Toques, foran superiores os votos en branco que os votos negativos. Por outra parte, a maior porcentaxe de votos "NON" da comarca rexistrouse en Melide.

Datos

Melide

Participación

2.871 persoas: 39,49%

Abstención

4.399 persoas: 60,51%

Resultado

Si - 2.310 - 81,37%

Non - 359 - 12,65%

Brancos - 170 - 5,98%

Nulos - 32 - 1,11%

Santiso

Participación

765 persoas: 40,01%

Abstención

1.147 persoas: 59,99%

Resultado

Si - 630 - 84,00%

Non - 66 - 8,80%

Brancos - 54 - 7,20%

Nulos - 15 - 1,96%

Sobrado

Participación

838 persoas: 40,39%

Abstención

1.237 persoas: 59,61%

Resultado

Si - 713 - 86,74%

Non - 54 - 6,57%

Brancos - 55 - 6,69%

Nulos - 16 - 1,91%

Toques

Participación

490 persoas: 36,32%

Abstención

859 persoas: 63,68%

Resultados

Si - 408 - 86,44%





Non - 28 - 5,93%

Brancos - 36 - 7,63%




Nulos - 18 - 3,67%

*Datos oficiais do Ministerio de Interior

Os resultados en gráficos evidencian a aplastante victoria do "SI" na Terra de Melide



O apoio ao "SI" dos votantes da comarca segue a tendencia da provincia e de Galicia



ACAPAG solicita o apoio de ASETEM para instar ao Concello a que cumpra e faga cumprir a normativa autonómica vixente

A asociación de ambulantes de Galicia interésase pola regularización da feira de Melide

Despois de intentalo en solitario sen éxito, a Asociación Profesional de Comercio Ambulante e Prazas de Abastos de Galicia (ACAPAG) solicita a colaboración de ASETEM para conseguir a regularización da feira dos domingos de Melide. O presidente de ACAPAG, José Manuel Liste, asegura que Melide é un dos Concellos galegos nos que aínda

non se cumpre a normativa vixente en materia de venda ambulante, regulada polo Decreto da Xunta 194/2001 de 26 de xullo, que indica, entre outras cousas, que todos os vendedores ambulantes deben estar inscritos no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia e que os Concellos deben garantir as condicións debidas de sanidade e hixiene.

Redacción
Melide

ACAPAG e ASETEM van iniciar en breve accións para “esixir ao Concello que cumpra o Decreto da Xunta e que proceda a elaborar unha ordenanza municipal adecuada aos parámetros da lexislación autonómica en materia de venda ambulante”. As medidas de actuación acordadas entre os dous colectivos o día 8 de marzo comezan co envío de escritos conxuntos ao Concello.

O presidente de ACAPAG, José Manuel Liste, manifesta que “non pedimos ningún trato de favor, só que se cumpra a normativa vixente”. Este colectivo de ámbito autonómico creouse en 1998 co fin de conseguir a regularización dun sector comercial de importante actividade en Galicia e, concretamente, en Melide. Segundo

ACAPAG e ASETEM, a maioría dos ambulantes da feira de Melide non cumpren a normativa en ningún sentido, e o Concello non fai nada por evitalo. Ademais, o presidente de ACAPAG asegura que “temos comprobado que, onde se esixe a legalidade, a xente cumpre e todo funciona ben”, caso do que puxo como exemplo a feira de Betanzos.

A asociación autonómica infomou, durante a reunión con ASETEM, que tiña enviado varias cartas ao Concello solicitando a regularización do mercado ambulante, recibindo nada máis que “a calada por resposta”. Ademais aseguran que, en contacto telefónico, os responsables de mercado municipais afirmaron que “aquí todo está ben”. Por isto, únense agora a ASETEM para emprender accións conxuntas.



Ambulantes nas rúas de Melide durante unha feira

Pola súa parte, ASETEM tamén ten levado a cabo actuacións neste sentido en diversas ocasións, sen conseguir nunca que o Concello tomara medidas ao respecto.

A lexislación vixente

O Decreto autonómico 194/2001 regula a venda ambulante desde setembro de 2001, e establece como condicións para practicar esta actividade, entre outras, estar dado de alta

no réxime correspondente da Seguridade Social, no pagamento do imposto de actividades económicas e inscrito no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia. Por outra parte, deriva a competencia aos Concellos para autorizar o exercicio da venda ambulante tendo en conta, entre outros, “o acceso a locais comerciais e industriais, aos seus escaparates ou exposicións e a densidade

do tráfico e circulación, incluída a peonil”. Ademais, esta normativa tamén establece que “os Concellos determinarán os produtos obxecto de comercialización e exercerán o debido control sobre éstos, especialmente o de carácter hixiénico-sanitario sobre os produtos alimenticios perecedeiros”. A este respecto, o presidente de ASETEM, José Antonio Rodríguez, asegura que “a maioría dos ambulantes non teñen licencia e ademais venden os queixos ao lado das galiñas, no chan e sen ningún tipo de control sanitario”.

Unha e outra asociacións recoñecen a necesidade de regularización desta actividade, xa que, “ten que haber un equilibrio entre o comercio local e o ambulante para que un non acabe por consumir o outro”.+

ASETEM solicita ao Concello información sobre o PXOM de Melide

Hai oito meses que a solicitara por primeira vez

Redacción
Melide

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM) solicita información ao Concello sobre o estado actual do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) por medio dunha carta enviada á alcaldía o pasado 3 de marzo.

Nela lembran á alcaldesa, Ánxeles Vázquez, que en xullo de 2004, tras unha

primeira solicitude desta información, o Concello asegurou que aínda non se fixara o calendario de actuacións, pero que manterían informada a ASETEM das novidades ao respecto e que “contarían coa súa colaboración”. Sen embargo, ASETEM asegura que non volveron recibir información desde entón, polo que reiteran a súa solicitude e agardan resposta.

Subvencións e axudas de interese para empresas e comercios

- Axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación con organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro para a contratación de traballadores desempregados, beneficiarios del Programa Labora: Xuventude con experiencia, e beneficiarias do Programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia doméstica (DOG de 4 de febreiro).

- Concesión de subvencións para a modernización e mellora do comercio minorista no desenvolvemento do Plan de Mellora da Competitividade do Comercio Galego. (DOG de 28 de febreiro).

- Subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro para actuacións en revitalización urbanístico-comercial, así como aquelas accións que doten de capacidade competitiva aos comerciantes dun área comercial determinada, en desenvolvemento do Plan de Mellora da Competitividade para o Comercio Galego. (DOG de 1 de marzo).

- Concesión de axudas para o fomento da distribución, loxística e promoción comercial, en réxime de concorrencia competitiva. (DOG de 1 de marzo).

- Concesión de axudas en materia das tecnoloxías da información e das comunicacións, en réxime de concorrencia competitiva, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005. (DOG de 2 de marzo).

A última adquisición é a Viñoteca, que desde hai dous anos pon os viños máis selectos de España ao alcance de particulares

En 93 anos de historia, a empresa Ribeiro experimentou múltiples actividades comerciais

O patriarca da familia, Manuel Ferreiro, fundaba a empresa en 1912 como negocio de reparación de calzado. Despois, facía honra ao seu apelido dedicándose á ferreiría. Máis tarde converteuna en ferretería e así se incorporou ao mundo do comercio. Pero a cousa non quedaba aí. Na década dos 40, Ribeiro abríase ao negocio da distribución montando unha fábrica de gaseosas, que vendía pola comarca xunto con outras bebidas, e incluso material de construción. Tamén tocou a rama das empresas de autobuses (antigos coches da feira) e a da distribución de butano. O Ribeiro, chamado así por ser o fillo dunha "ribeirá" (nacida na aldea melidense do Ribeiro), falecía no ano 1985. Pero non a súa empresa, que hoxe continúa a actividade nas mans do neto do fundador, que comparte o nome e o sobrenome do avó.

A ferretería deu un "xiro drástico" e converteuse nunha tenda de perfumería e complementos



Os produtos máis novidosos son os máis apreciados polos clientes

Trala morte do fundador en 1985, Manuel Ferreiro reformaba o negocio convertendo a Ferretería Ribeiro nunha tenda de perfumería e complementos. Deste xeito, abríase a un sector comercial pouco presente en Melide e, polo tanto, máis competitivo. Isto supuxo un importante investimento para reformar o local e adaptalo aos novos tempos e ás novas tendencias, tanto estéticas e de decoración, como comerciais.

A dictadura das modas

O escaparate da tenda Ribeiro conta sempre cos últimos produtos que saen á venda nas cidades que marcan tendencias de moda en Galicia, como A Coruña ou Santiago. O

novo, o actual, o que está "de última moda", é tamén o máis demandado pola clientela de Ribeiro que, segundo Manuel Ferreiro, "sabe apreciar eses produtos novidosos, está ao día na moda". Isto ocorre tanto se se trata dunha xoia, dun cinto ou dun bolso; o máis vendible é o máis actual.

A consecuencia inmediata desta tendencia dos clientes -que son sobre todo mulleres- é que o produto de Ribeiro convértese así en perecedeiro; ten data de caducidade imposta pola "dictadura das modas". É por isto que cada final de temporada, podemos ver no escaparate de Ribeiro grandes ofertas e oportunidades ao igual que nas tendas de moda.

O comercio de Melide

Manuel Ferreiro considera que o mundo do comercio na vila vai "cara adiante" e que evolucionou positivamente nos últimos anos. Agora hai máis tendas, están a abrir novos comercios e engloban a moitos sectores que antes non existían na vila. Ademais, os negocios vellos (como o seu) adaptanse aos novos tempos con reformas e modernizacións. Sen embargo, Ferreiro tamén considera que os beneficios para os comerciantes non aumentan na mesma progresión que a calidade dos comercios, xa que "os investimentos para estar ao día son moi grandes, o número de negocios aumenta e o cliente ten máis onde escoller".

A viñoteca ofrece selección e alta calidade

Outra das actividades de negocio importantes de Ribeiro é a da distribución de bebidas. As empresas de hostaleiría e alimentación de Melide supoñen case un 50% da clientela, pero Ribeiro chega tamén a Santiso, Sobrado, Toques, Arzúa, Teixeiro, Curtis, Boimorto, Palas de Rei e Guntín. Ademais, a empresa ten como obxectivo seguir aumentando a área de distribución. Dentro das bebidas ofertadas por Ribeiro, destacan os viños. As marcas máis selectas e de maior calidade son o seu punto forte.

Por isto, hai dous anos abriu as súas portas en Melide a Viñoteca, coa idea de promocionar os viños distribuídos por Ribeiro e tamén de empesar a traballar con outras marcas. Os Riojas son os máis vendidos, pero tamén podemos atopar viños das Rías Baixas, da Riveira Sacra, de Navarra, do Penedés, Toro, etc. Segundo Manuel Ferreiro, este novo negocio está a funcionar bastante ben, pero sobre todo durante o Nadal e tamén en época estival, na que se nota a presenza de visitantes.



A viñoteca funciona en Melide desde hai dous anos

ASETEM enche as prazas dos cursos de ofimática e prevención de riscos e prepara novas propostas

A Asociación quere impartir en abril un curso de *Organización Comercial e Técnicas de Ventas*, novidade en Melide

Ata 15 persoas poderán participar no novo curso

O prazo para apuntarse remata o 23 de marzo

Redacción
Melide

O curso de *Organización Comercial e Técnicas de Ventas* aparece como novidade este ano nas ofertas de formación da Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM). É a primeira vez que se imparte na vila un curso destas características.

Está xestionado pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e pola Confederación de Empresarios de A Coruña, e consiste en corenta horas de aprendizaxe presencial nas que o alumno coñecerá a maneira máis profesional de xestionar e realizar unha venda.

Entre os obxectivos específicos do curso están os de aprender as estratexias

de marketing e publicidade orientadas á venda, a forma ideal de comportarse ante un cliente, e o de desenvolver unha mentalidade comercial, fomentando as cualidades que facilitan o labor da venda.

Ademais, o curso particulariza as súas ensinanzas no entorno máis cercano. Así, un dos temas da materia é o do coñecemento da idiosincrasia do comercio na provincia de A Coruña.

Requisitos

O curso é totalmente gratuito e poden apuntarse todas as persoas en activo que o desexen ata o 23 de marzo. A data prevista de comezo do curso é o día 4 de abril e poderán participar ata quince alumnos. As clases vanse impartir no local social de ASETEM.



Alumnos de ofimática durante unha das clases

Ofimática e Prevención encheron o cupo de prazas

Nestes días estanse a impartir os cursos de Ofimática e Prevención de Riscos Laborais no local de ASETEM. Con quince alumnos cada un, o cupo

de prazas está completo e as clases seguen un bo ritmo. Jorge Sangiao e Javier Núñez son os encargados de impartir estes dous cursos.

Manipulador de Alimentos

A próxima sesión para acadar o diploma de manipulador de alimentos en ASETEM é o 4 de abril.

O BBVA oferta servizos especiais para socios de ASETEM

Redacción
Melide

Vantaxes para a domiciliación de nóminas como a financiación gratuita de descubertos nos cinco días previos á chegada da nómina, sen intereses nin comisións, ou tarxetas de crédito Integral ou Visa Clásica con cota de balde o primeiro ano.

Os socios de ASETEM poden beneficiarse destas e outras vantaxes que ofrece a entidade bancaria como servizo especial.

A Comisión do Polígono solicita información ao Concello sobre a depuración de augas

Tamén agradece as últimas melloras no alumado do Parque

Redacción
Melide

A Comisión do Polígono constituída dentro de ASETEM o pasado mes de febreiro comeza a súa actividade.

Os primeiros pasos deste colectivo presidido por Celestino Penas céntranse no sistema de depuración de augas que vai ter o Parque Empresarial melidense.

A este respecto, a directiva da Comisión enviou a mediados de febreiro unha carta dirixida á alcaldesa, Ánxeles Vázquez, na que preguntan se “as augas se

van depurar no propio polígono ou van ser canalizadas ata a depuradora central, ou ben, se existe algunha outra opción que nós non coñecemos”.

Por outra banda, a Comisión inclue na misiva un agradecemento á institución municipal polas melloras no alumado do Polígono, que consideraban “moi necesarias”.

Ao peche desta edición, o colectivo integrante de ASETEM non recibira resposta.

A Comisión do Polígono está integrada por todos os socios de ASETEM que



A Comisión do Polígono constituíuse en febreiro

teñen os seus negocios no Parque, e creouse co obxectivo de “detectar posibles problemas e deficiencias na área da Madanela e buscar o xeito de porlles solución”.

Melide e outros concellos piden un reparto equitativo entre administracións para financiar os conservatorios

A proposta formalizaron representantes da Asociación Galega de Conservatorios Municipais (AGACOM) ante o Conselleiro de Educación. A alcaldesa de Melide e o director do conservatorio estiveron presentes na reunión o pasado 22 de febreiro.

Redacción
Melide

O obxectivo que perseguen os membros de AGACOM é o de chegar a un reparto igualitario do financiamento dos conservatorios municipais entre os Concellos, Deputacións e Consellería de Educación, de tal xeito que cada administración achegaría o 33% do total do orzamento necesario.

Ata o momento, o conservatorio de Melide, na mesma liña que os demais de tipo municipal, está a ser financiado maioritariamente polas arcas do Concello (aproximadamente nun 63%). A Consellería está subvencionar arredor dun 10% do total e, por primeira vez este ano, a Deputación fai tamén unha pequena achega que supón aproximadamente un 8% do custo.



O conservatorio de Melide conta con 114 alumnos e 18 profesores

Esta circunstancia, unida ao feito resaltado por AGACOM de que os conservatorios superiores nótrense en boa medida de alumnos procedentes dos

centros municipais, motivaron a visita dos representantes desta asociación á Consellería de Educación. O conselleiro Celso Currás recibiu o

pasado 22 de febreiro aos rexedores de Melide, O Barco e As Pontes, así como ao director do conservatorio melidense, Fernando Vázquez.

O conselleiro disposto a aumentar progresivamente a partida

Celso Currás, segundo informou a alcaldesa de Melide Ánxeles Vázquez, dixo compartir a postura de AGACOM e comprometeuse a incrementar a subvención da Consellería que rexenta, de maneira progresiva, a partir do próximo ano ata chegar ao demandado 33%.

Ademais, Currás anunciou a elaboración dun “mapa musical galego” para estudar as cifras de alumnos e a distribución de conservatorios municipais.

Agora, AGACOM trasladará a mesma proposta ás Deputacións Provinciais, tendo en conta que ata o momento dúas delas -a de Ourense e a de Lugo- non achegan ningunha partida económica aos conservatorios.

I Salón do Automóbil en Melide

Redacción
Melide

O Pazo de Congresos e Exposicións de Melide acolle o día 20 de marzo o I Salón do Automóbil. A exposición de coches clásicos e modernos complementase con zonas de videoxogos e cunha exhibición de aeromodelismo. Ademais, na semana do 21 ao 27 de marzo, poderemos ver un circuito indoor de karts.

Trátase dun evento organizado polo Concello de Melide. ASETEM tentou organizar una Feira do Motor de nove días pero as autoridades municipais non lle concederon o uso do Pazo de Congresos.

Dúas procesións e varias misas na Semana Santa de Melide

Redacción
Melide

Os actos relixiosos de celebración da Semana Santa comezan á unha da tarde do Xoves Santo cunha celebración penitencial, que se repetirá varias veces ao longo dos días festivos. O Venres Santo, as procesións son as protagonistas da xornada; a do Perdón ás oito da mañá e a da Virxe da Soidade ás nove da noite. Durante o sábado celébrase a Vixilia Pascual e rematan os actos ao día seguinte coa celebración do Domingo de Ramos.

O curso de cociñeiro está xa en marcha na UAF de Melide

Dos quince alumnos, só un é da vila

Redacción
Melide

O día 3 de marzo, quince rapaces e rapazas de diversa procedencia comezaron o curso de cociñeiro/a na Unidade de Acción Formativa de Melide (UAF).

Teñen once meses por diante para aprender, de balde, a preparar os pratos máis succulentos e poder despois acceder ao mercado laboral desta profesión. Dos quince alumnos, só un é de Melide, e os demais chegan de municipios como Arzúa, Boimorto, Palas de Rei e incluso de Guitiriz e



Os alumnos terán once meses de formación en cociña

Dumbría.

De feito, este curso é o único en Galicia das súas características.

Nestes días, os cociñeiros

terán tamén quen sirva as comidas que preparan, xa que a mediados de marzo dará comezo o curso de camareiro.

Quads e motos exhibirán o seu potencial polos montes da Terra de Melide

Un grupo de mozos afeccionados da comarca organizan esta primeira xuntanza con vistas a repetila en vindeiras ocasións. ASETEM colabora con esta iniciativa, que reunirá o Venres Santo a uns cen participantes de varias vilas galegas

Redacción
Melide

Despois de acudir a diferentes xuntanzas noutras vilas como Lalín ou Sanxenxo, os afeccionados aos quads de Melide -que son arredor duns vinte- decidiron organizar este evento co obxectivo de "promocionar isto dos quads e das motos de monte aquí na comarca".

A ruta

A saída está programada para as 9.30 horas da mañá desde o Cantón de San Roque. Arredor de cen participantes da comarca e tamén doutras vilas como Lalín, Agolada, Teixeiro, Curtis, Silleda e Sanxenxo, dirixiránse cara Sobrado polo monte Bocelo, onde farán a primeira parada para



A "I Xuntaza de Quads e Motos Terra de Melide" percorrerá Sobrado, Toques e Melide

almorzar. Despois continuarán ata o monte da Cova da Serpe (Friol) e de novo a Sobrado, onde volverán pola mesma ruta volverán parar para tomar

un tentenpé invitados polo Concello. A continuación percorrerán o lugar de Brañas (Toques) ata o parque eólico do Careón. E volverán de novo ao Cantón de San Roque pasando polo Meire, polígono industrial, Leboreiro e Furelos. Arredor das catro da tarde chegarán ao punto de inicio e, despois de comer na Discoteca Zoe (catering do Hotel Carlos), darán por rematada esta "I Xuntanza de Quads e Motos Terra de Melide", pero con vistas a repetir o evento, segundo un dos organizadores, "polo menos dúas veces cada ano". Ademais, os afeccionados teñen proxectado organizar un Club de Quads da Terra de Melide.


A 1ª Copa Galega de Kayak extremo xuntou a máis de trinta deportistas de élite no Alto Ulla

O vencedor do campionato foi Edu Etxebarria, do programa de TVE *Al filo de lo imposible*, que levou 1.000 euros para Donosti

Redacción
Melide

A Plataforma pola Defensa do Ulla organizou esta proba como protesta contra o proxecto de construción do encoro de Frádegas, e reuniu a máis de trinta palistas de élite españois, franceses, belgas, ingleses e irlandeses, así como a numerosas persoas que quixeron presezar o campionato que tivo lugar a mediados de febreiro nas torrentes de Mácara e Ramil.

O donostiarra Edu Etxebarria, especialista do programa de TVE *Al filo de lo imposible*, foi o vencedor da proba, e como tal correspondéron-



O acto organizouse como protesta en contra da construción dun encoro no Ulla

lle 1.000 euros en metálico e unha canoa valorada en 900 euros. O segundo clasificado foi Igor Juanikorena, campión de Europa en estilo libre, que levou 700 euros.

Esta primeira experiencia galega de kayak extremo contou coa colaboración de ASETEM, ADEGA, o grupo do BNG de Melide e os Concellos de Monterroso, Agolada e Palas de Rei.

A Plataforma pola Defensa do Ulla, como organizadora do evento, amosouse satisfeita polo apoio recibido e polo resultado do evento, polo que proxecta repetilo para o próximo ano.

As imaxes da neve en Melide



Carta aberta ao Sr. Alcalde/esa de Melide

DAVID BARRIO. SINDICALISTA DA UXT

Moi Sr./a meu/a:

Hai poucos días recibimos unha carta súa na sede da Plataforma Autovía por Melide, onde nos comunica que, debido ao mal estado das pancartas da autovía, tomaron a decisión de tiralas ao lixo. Señora alcaldesa, supoño que no seu subconsciente non estaba a tirar as pancartas, senón a tirar outra cousa, pero como estamos nunha sociedade de dereito, iso non lle está permitido.

Vostede non tirou unhas simples pancartas dunha festa ou doutra cousa que, tendo valor, non supoñen para a cidadanía un grave problema. Ante todo, vostede tirou cunha reivindicación dun pobo que loita por comer, por medrar e por ter prosperidade de futuro. Vostede tirou cunha reclamación, coa loita e coa defensa dun trazado de autovía que os cidadáns consideran que é necesario para que esta vila teña futuro.

Xa sei que vostede non decide, senón o seu amo (xefe), pero incluso os bonecos do guiñol, ás veces, teñen personalidade e néganse a mover

como impón a man que os manexa.

A atrocidade que vostede acaba de cometer e o insulto a toda a cidadanía que acaba de facer está lonxe do imaxinable.

Teñen vostedes sorte de estar entre un pobo manso, pois noutro sitio, este feito podería ter consecuencias inimaxinables.

Vostede tirou ao lixo unhas pancartas pagadas e feitas polo pobo de Melide, para defender o que os INEPTOS dos seus gobernantes non quixeron facer.

Por último, señora alcaldesa, xa sei que vostede non corta nin pincha na realidade política do seu Concello, pero iso non a exime das responsabilidades do seu cargo.

Se vostede non se sente con liberdade para tomar decisións acordes co seu pensamento e co interese xeral do seu pobo, dimita, porque dimitir, en determinadas ocasións, é unha demostración de DIGNIDADE, e non de debilidade.

TRABALLE CON LIBERDADE, TRABALLE POR MELIDE.

AÍNDA PODE, SE VOSTEDE QUERE.

Cervecería Cafetería



O' TRASNO

Ronda de Pontevedra - **MELIDE**

PLATOS-BOCADILLOS-HAMBURGUESAS

DESAYUNOS A PARTIR DE LAS 6

Licenciados en terra

VANESSA MARTÍNEZ

Hai anos os fillos dos labregos non podían ir á universidade. O saber dos libros estaba só ao alcance dos fillos dos mestres, dos terratenentes e dos que arrastraban unha tradición familiar ben asentada nos billetes.

Daquela calquera pai labrego, ou habitante dunha vila coma Melide tería dado a súa vida porque algún dos seus fillos marchase á cidade e puidese estudar para que, cando chegase o domingo, viñese a velo no seu coche de marca e andase polos camiños con tino de non manchar os zapatos nas corredoiras. Pero todo cambia, e os tempos para os labregos tamén, aínda que as mentalidades avanzan bastante máis a modo. Agora que case todos

temos a oportunidade de elixir segue habendo algunhas profesións que non conseguen desfacerse dos prexuízos. Por máis que se fale de plans que atraían a xente nova aos pequenos núcleos de poboación, o certo é que na mente de todos segue estando que o mozo -ou a moza- que cultiva a terra non vale para outra cousa. Cultivar é bastante máis complexo ca deixar caer unha semente nun anaco de terra. Cómpre entenderse coa natureza, comprender os seus ciclos vitais, non máis simples ca os dos humanos, e hai pouca xente que sinta dentro de si esas ganas de darlle vida á terra que parece morta. Mais cando hai xente así xorden as trabas dos máis vellos, que pensan que a

vida nas cidades, correndo atrás do reloxo, comendo ás présas nunha fiambreira é moito mellor ca ter por traxe de oficina unha funda de gore-tex. Erro. Erro e triste precedente para a pouca xente que ve na terra unha fonte de vida para si mesmo, e unha tranquilidade que hoxe non se pode atopar.

Se agora as mulleres pagamos a prezo de ouro as tocas ou os ponchos que levaban as nosas avoas; se a maioría da xente daría o que fose por ter un seiscentos co que fardar,... por que non vai ser bo escoller un camiño que antes era o día a día da inmensa maioría dos galegos?

Oportunidades para quen as precise e apoio para quen nin sequera o pida.

Mundo Misterioso A Oui-ja

ÁNGEL CURTIS

O primeiro que un ten que ter en conta para practicar a oui-ja, é non ter medo a esta táboa de misterios. Pero practicala non é tan sinxelo como parece. O número ideal de participantes é de 3 ou 6 persoas, con máis participantes téndese a unna dispersión psíquica, e con menos non soe xerarse a forza suficiente para mover o vaso sobre a plancha, cara as letras ou números.

Ante todo, elixir bien os compañeiros de xogo, evitar sentar á mesa a persoas ansiosas, deprimidas, neuróticamente incrédulas ou fanáticamente crédulas nos espíritos. A hora de maior luminosidade crea interferencias.

Evitar a luz forte na mesa, pero tampouco rodearse de unha escuridade tenebrosa. Colocar flores frescas nun rincón, acender uns pauños de incienso, e procurar que o lugar sexa agradable e acolledor. As manifestacións máis claras e perigosas, soen coincidir, cando a lúa chea brilla con toda a súa forza. Non se deben tomar antes dunha sesión de oui-ja drogas ou alcohol.

Os participantes formarán un círculo coas mans entrelazadas, concentraranse durante un tempo, iso axuda a un relaxamen-

to xeral e a crear boas vibracións. Aínda que ningún pode dicir a ciencia certa qué é o que se manifesta nunha sesión de espiritismo, forzas do subconsciente, espíritos desencarnados, "ou vaia vostede saber", é necesario invocar esas forzas con corrección, boas maneiras e o suficiente respecto, créase ou non na existencia de espíritos. Os mediums son capaces de ofrecer unha realidade onde non existe a lóxica, e onde todas as leis do universo, son despreziadas. Se nunha sesión participa un bó médium, poden xurdir fenómenos paranormais, como a levitación, movemento de obxectos, materialización de imaxes, por medio do ectoplasma que produce o médium en estado de trance. Hai que facer unha seria advertencia sobre todo isto; os grandes mediums sofren nas súas propias carnes e nas súas mentes, mui a cotío, o efecto devastador dunha excesiva adicción a estas prácticas, que pode minar os cimentos da nosa propia persoalidade, desequilibrándonos psíquicamente e colocándonos ao borde da loucura. Nunca se debe practicar a oui-ja se non se ten un coñecemento a fondo desta práctica.

O Melide de onte



Praza do Convento. Anos 20. Vemos a fonte con pilotes, sellas e unha cruz das misións pasionistas. Arquivo Casa de Pita. Irmáns Fuciños Gómez.

ÁNGEL CURTIS

CONOCE TU FUTURO
"AYÚDATE"

MEJORA TU VIDA

CONSULTA PREVIA CITA
TELF: 677 670 051

E-mail: angel_curtis@yahoo.com
www.angelcurtis.com

Teléfonos de interese

URXENCIAS	
UrxenciasSanitarias.....061	Consevatorio
Bombeiros.....080	981507100
Incencios Forestais.....085	Polideportivo
	981507752
ORDE PÚBLICA	
Policía Municipal	
Urxencias.....092	Centro Social da 3ª Idade
Melide.....981505003	981505706
Policía Nacional091	
Garda Civil	
Urxencias.....062	Parada de Taxis
Melide.....981505007	981505390
S.O.S	
S.O.S Galicia.....112	Albergue Xuvenil
Protec.Civil.....670498848	981507412
	Albergue do Peregrino
	660396822
TRANSPORTES	
Renfe	
Nacional.....902240202	Centro Ocupacional
A Coruña	981505003
Santiago	A.S.E.T.E.M
Autobuses	981506188
A Coruña.....981239099	Fundación Terra de Melide
Santiago.....981542416	981507244
Melide.....981505204	I.E.S. de Melide
Aeropostos	
A Coruña.....981187200	981505162
Santiago.....981547500	C.E.I.P nº1.....981505238
Vigo.....986268200	C.E.I.P nº2.....981505929
	Gardería.....981505003
SANTISO	
A Coruña.....981187200	Casa do Concello
Santiago.....981547500	981818501
Vigo.....986268200	Centro de Saúde
	Agrochao.....981517803
	Visantofña.....981510749
	Xulgado de Paz
	981 818501
SERVIZOS E INSTITUCIÓNS	
Atención ao cidadán	981 818501
981120012	
Valedor do pobo	SOBRADO
981571900	
Economía facenda	Casa do Concello
981545151	981787508
Industria e Comercio	Desenvolvemento local
981544341	981787508
	Centro de Saúde
	981787744
Sevizo Galego Colocación	Mosteiro de Sobrado
981125000	981787509
Teléfono da Muller	Xulgado de Paz
900400273	981787508
Teléfono do Menor	
900444222	
Dirección Xeral de Tráfico	TOQUES
900125505	
Correos.....902197197	Casa do Concello
Auga.....981242322	981505826
Electricidade.....981147200	Centro de Saúde
Gas.....900760760	981507301
	Xulgado de Paz
	981505826
MELIDE	
Casa do Concello	
981505003	
Centro de Saúde	
981506176	
Servizos Sociais	
981505012	

Autobuses

MELIDE - A CORUÑA	MELIDE - SANTIAGO
De luns a venres:	De luns a venres:
9.30, 13.15, 17.00, 20.45,	6.45, 7.50, 10.15, 11.55,
Sábados:	14.05, 14.40 (per. lectivo),
9.30, 13.15, 17.00, 20.45	15.25, 17.50, 20.20
Domingos e Festivos:	Sábados:
9.30, 17.00, 20.15, 20.45,	7.50, 10.15, 11.55, 15.25,
22.30	17.50
Parada fronte á	Domingos e festivos:
Cafetería Marta	7.50, 11.55, 15.25, 17.50,
A CORUÑA - MELIDE	20.20
De luns a Venres:	Parada fronte á Pizzería
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	Xoldra
Sábado:	MELIDE - LUGO
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	De luns a venres:
Domingos e Festivos:	7.55, 10.10, 11.55, 13.35,
8.00, 11.30, 15.30, 17.00,	16.05, 16.55, 19.25,
19.00	20.50, 21.50 (só venres
MELIDE - FERROL	lectivos)
De luns a venres:	Sábados:
Non hai liña	7.55, 11.55, 13.35, 16.55,
Sábados:	19.25
19.15	Domingos e festivos:
Domingos e Festivos:	7.55, 11.55, 16.55, 19.25,
19.15	20.50
Parada fronte á	Parada fronte ao antigo
Cafetería Marta	bar Capitol.
FERROL - MELIDE	TOQUES - MELIDE
De luns a venres:	(Folladela-Fondevila)
Non hai liña	Luns a venres laborables:
Sábados:	Saída de Fondevila: 10.20
10.30	Saída de Melide: 12.30
Domingos e festivos:	Domingos excepto último
17.00	de mes:
MELIDE - OURENSE	Saída de Fondevila: 8.15
De luns a venres:	e 11.00
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Melide: 13.00
Sábados:	Último domingo de mes:
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Fondevila: 7.45
Domingos e festivos:	Saída de Melide: 13.00 e
9.30, 12.30, 17.00, 19.00,	14.00
20,00	MELIDE - TOQUES
Parada fronte á	(Fondevila-Folladela)
Cafetería Marta	Martes e venres labo-
OURENSE - MELIDE	rables:
De luns a venres:	Saída de Folladela: 8.30
8.00, 12.00, 15.30, 19.15	Saída de Melide: 12.30
Sábados:	Domingos excepto último
8.00, 12.00, 15.30, 18.00,	de mes:
19,15	Saída de Folladela: 8.40
Domingos e Festivos:	Saída de Melide 13.00
9.30, 15.30, 18.00, 19.15,	Último domingo de mes:
21.00	Saída de Folladela: 8.30
	Saída de Melide: 13.00 e
	14.00
<i>Horarios aproximados que poden variar ao longo do ano.</i>	

Actos

MARZO
Día 20
Celebración do "I Salón do Automóbil" no Pazo de Congresos e Exposicións de
Do 21 ao 27
Circuito de karts indoor
Día 22
Coloquio en Radio Melide sobre a celebración do Día Mundial da Auga
Día 23
Remata o prazo para apuntarse ao curso de Organización Comercial e Técnicas de Ventas en ASETEM
Día 25
1ª Xuntanza de Quads e Motos "Terra de Melide"
Do 24 ao 27
Semana Santa.
Celebracións relixiosas
Día 27
Celebración do Domingo de Ramos
ABRIL
Día 1
-Inscripción nos cursos de natación da piscina climatizada
- Celebración da primeira fase dos campionatos galegos escolares
- Campionato intermunicipal de fútbol sala (nenos)
Día 2
Celebración do día do libro infantil na Biblioteca Municipal de Melide
Día 4
Curso de Manipulador de Alimentos en ASETEM.

En dous anos, unha nova queixería de Salvador Carreira absterá o mercado das grandes áreas comerciais

“A base principal para conservar o mercado é conservar a denominación”

En dez anos de existencia que ten “Lácteos Terra de Melide” xa recibiu once premios á calidade dos seus queixos, un deles de ámbito estatal. As denominacións de orixe “Arzúa-Ulloa” e “Tetilla” son o seu aval. Un aval que chega a pequenas tendas familiares de toda España e, por suposto, de toda Galicia.

As grandes áreas comerciais non son obxecto de venda destes queixos ata o momento, pero o serán dentro de dous anos. Salvador está a construír unha nova queixería coa que poderá integrarse neste mercado, duplicando a produción e tamén o número de empregados (de seis pasarán a ser un mínimo de doce).

Redacción
Melide

¿Como comezou a súa andaina neste negocio?

Pois como todos, con pouca cousa. Empecei facendo o queixo a man, dous á mañá e dous á noite, despois tres, despois catro, despois dez...

Logo foi cando viñeron as cotas lácteas e metínme coa queixería para solucionar o problema da cota.

¿Que cuidados require a elaboración dun queixo con denominación de orixe?

Hai que levar uns controis de calidade. Miran moito que a cousa sexa limpa, que non se engadan cousas raras e tamén que sexa sano. Estes queixos levan só leite, sal e calleiro.

¿Cal é diferenza entre o seu queixo e outro que non teña denominación?

A fabricación é doutra maneira total. Os tempos, o cuidado, o manexo..., é todo diferente. O leite é parecido, ou igual, pero o manexo do queixo non, é máis industrial, unha produción en cadea, en fin...

Aquí míbase, mírase coas mans se está a pasta ben, se está a punto, etc.

Eu miro de facelo o mellor que podo sempre. Para min, a base principal para conservar o mercado é conservar a denominación.

¿Quenes son os seus clientes?

Os principais son os distribuidores, que venden a tendas pequenas. Non venden a Claudio, nin a Froiz, nin a Gadis. Non estou en ningunha cadea,



Salvador Carreira aposta pola calidade para manter e aumentar a súa clientela

só en tenda pequena. Ás veces parece increíble que os dea vendido así, pero vou tirando.

No futuro, desde logo, sabemos que a tenda pequena vai a menos e hai que vender ás grandes áreas, para eso estou facendo outra queixería.

¿Ah si?

Si, tres ou catro veces máis que esta, e despois si que nos podemos meter nas grandes áreas. Agora non me podo meter porque teño a produción practicamente toda vendida.

¿Entón precisará máis empregados?

Outros tantos. Polo menos dobrar, nun par de anos temos que dobrar.

A venda en Melide, ¿supón unha porcentaxe importante do seu negocio?

Si. Estou moi contento deles; moito, moito. Cómpranos moito queixo e véndennos moito. Pórtanse moi ben. Estou encantado co pobo.

“Gañaba tanto antes con 500 litros como agora con 1.000”

¿E como funciona a venda nas feiras?

Hai tres anos que non vamos ás feiras. Eu véxoas desarmadas todas, van a menos porque os novos non cren nas feiras. Á de Arzúa van pasalo ben, pero o dos queixos non lles importa nada. Cada vez teñen menos xente.

¿Como cre que evolucionou o sector lácteo nestes anos?

Evolucionou moito en cantidade, pero en cuestión económica non tanto. Gañaba tanto antes fabricando quiñentos litros como agora fabricando mil.

¿Cales son para vostede os principais problemas do sector?

A comercialización é o problema máis grande. O queixo está barato e o leite caro. Pechan gandeirías, cada vez quedan menos explotacións, os prezos aprétanse máis e iso é o máis difícil.

Pero eu, sigo dicindo, que o que conserve a calidade vai seguir vendendo. Eu creo que estas empresas teñen que basearse na calidade se queren conservar o mercado, porque coa cantidade, non podemos ir contra Larsa nin contra

Clesa, que fan máis eles nun día que nós nun mes.

¿Cal sería entón a solución?

Mellorar o prezo do queixo. Porque ao gandeiro tamén lle fai falta cobrar o leite máis ou menos como o está cobrando, pero o queixo tiña que ir un pouquiño máis caro.

¿Que supuxo para vostede a obtención de once premios á calidade?

Home, é unha cousa que dá moito ánimo, ganas de seguir. Un pouco de ilusión e de coñecemento de que un, máis ou menos, vaino facendo ben.

¿Que expectativa de futuro ten o seu negocio? ¿Ten descendencia disposta a continuar o seu labor?

Si si si si. Estes van seguir, ¡pero van ir máis lonxe que o pai eh!. Están aí ao fronte, ¡que remedio lles queda!. O máis vello é o que fai o reparto e o máis novo é o que está aí na queixería permanentemente. E faino moi ben de momento, e penso que cada vez o fará mellor.

Iso é o principal, o futuro, hai que mirar o futuro. Eu, se teño ánimo para seguir adiante, é porque vexo os fillos arredor de min e dame moito ánimo axudarlles a que sigan, e cada vez mellor.

¿E o queixo seguirá sendo tan bo cando aumente a produción?

Si si. Iso non se pode cambiar. Hai que melloralo cada día. Empeoralo nunca.

*Faite oír
con nosa voz*

Cerne

Terra de Melide




ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº 4. 15 de marzo - 15 de abril de 2005. Distribución gratuita.



Melligas, s.l.

*Rda. de A Coruña, 56 - B.
15800 Melide (A Coruña)*



*Agencia de
Repsol Butano
n.º 15158*

